

Manifesto do PSdeG-PSOE polo Día do Orgullo LGTBI 2024

Educando na diversidade

O 28 de xuño celebramos o Día Internacional do Orgullo LGTBI con motivo dos disturbios de 1969 na cidade Nova York, cando un grupo de persoas valentes rebeláronse contra a súa detención no bar 'Stonewall', dando orixe ao nacemento do movemento LGTBI actual.

En España conmemoramos esta efeméride como Día Nacional do Orgullo LGTBI desde 2018, ano no que se institucionalizou nun dos primeiros Consellos de Ministros do Goberno de Pedro Sánchez. É o xusto recoñecemento á historia da loita e o labor das persoas e colectivos LGTBI do noso país.

Neste contexto, a familia socialista quere expresar a súa profunda preocupación polo alarmante aumento dos delitos de odio motivados pola orientación e identidade sexual e expresión de xénero. O aumento do poder da extrema dereita, grazas ao branqueo do Partido Popular, está a acelerar a ofensiva contra o colectivo LGTBI. Os populares, ben pola súa propia inacción ou por verse arrastrados polo marco ideolóxico imposto por Vox, están a aplicar a axenda cultural e ideolóxica da ultradereita nos concellos e comunidades autónomas onde gobernan. A súa censura a libros, obras de teatro e películas que mostran realidades diversas ou a negativa á colocación de bandeiras arcas da vella e declaracións institucionais, son unha forma máis de LGTBifobia institucional que vén redobrar unha ofensiva anti dereitos na que ás e os socialistas, como sempre, atoparannos enfronte. A modificación do PP das leis LGTBI e Trans da Comunidade de Madrid, que supuxeron a derogación efectiva dos principais preceptos destas normas tras moitos anos en vigor, dan boa conta de deríva contra o dereitos LGTBI nos que se sumiron os gobernos do PP coa extrema dereita e supuxo o primeiro recorte de dereitos LGTBI na historia democrática do noso país.

Fronte a esta deriva da dereita extrema, desde o Goberno implementamos unha serie de medidas contra estes delitos de odio, centrándonos en mellorar a atención ás vítimas e establecendo protocolos de actuación que buscan erradicar a LGTBifobia e reducir a infradenuncia. Esta foi nosa prioridade na elaboración dos dous Plans de Acción de loita contra os delitos de odio que se realizaron desde que Pedro Sánchez é presidente do Goberno e máis recentemente lideramos no Congreso dos Deputados unha iniciativa para impulsar un gran Acordo de País contra os discursos de odio.

Tamén lembramos con orgullo aquelas leis que fixeron posible que o noso país sexa hoxe un lugar mellor, como a Lei 13/2005, que recoñece o matrimonio igualitario, a Lei 3/2007 sobre a rectificación rexistral da mención relativa ao sexo, e as recentes medidas do Goberno de Pedro Sánchez, como a creación do Consello de Participación LGTBI ou as leis para a recuperación da memoria das vítimas LGTBI durante a Guerra Civil e a ditadura franquista na Lei de Memoria Democrática. Do mesmo xeito, devolvemos e aseguramos o acceso á reprodución asistida a todas as mulleres, sen importar o seu estado civil ou a súa orientación sexual, o que, sen dúbida, sitúanos unha vez máis no lado correcto da historia. Tamén logramos a aprobación da Lei para a Igualdade Real e Efectiva das persoas Trans e para a Garantía dos Dereitos das Persoas LGTBI; en definitiva, creamos un marco regulador á altura das expectativas dos colectivos que levan décadas demandando igualdade real.



España continúa sendo faro de guía para outros países en materia de diversidade. Avanzamos no marco regulador comunitario, aliñándonos coa Estratexia para a igualdade das persoas LGBTIQ na UE e traballando da man con aqueles colectivos que durante anos foron ignorados. Seguimos liderando a defensa do dereitos LGTBI, denunciando leis discriminatorias como a 'Lei de propaganda' húngara e colaborando estratexicamente con entidades que promoven a igualdade en todo o mundo. Queremos lembrar que, hoxe en día, segundo denuncia ILGA, hai 63 Estados membros da ONU que aínda criminalizan as relacións entre parellas do mesmo sexo e que, polo menos, en 6 deles, aínda se aplica a pena de morte por este motivo.

Este ano, o lema da manifestación estatal 'Educación, dereitos e paz: Orgullo que transforma', pretende salientar a importancia da educación como ferramenta fundamental para a transformación social e a erradicación da discriminación. Desde o PSOE queremos resaltar a importancia da educación inclusiva en valores para erradicar a LGTBIfobia e como unha das pedras angulares na loita pola igualdade real e por iso o noso lema é "Educando na Diversidade".

Conscientes diso, desde o Goberno impulsamos a inclusión de contidos específicos sobre diversidade sexual e de xénero nos currículos escolares. Ensinar a historia do movemento LGTBI, o respecto á diversidade e os dereitos humanos desde unha idade temperá é vital para fomentar unha sociedade máis xusta e equitativa. Ademais, desenvolvemos plans de convivencia escolar que inclúen medidas específicas para previr e abordar a discriminación e o acoso por motivos de orientación sexual, identidade e expresión de xénero. Estes plans son fundamentais para garantir que as e os estudantes poidan aprender nunha contorna segura e respectuosa. Para facer dos centros educativos espazos seguros para a diversidade sexual.

Para asegurar que a educación inclusiva sexa efectiva, implementamos programas de formación e sensibilización para docentes e persoal educativo. Estes programas están deseñados para proporcionar as ferramentas necesarias para abordar temas de diversidade sexual e de xénero de maneira adecuada e respectuosa.

Tamén distribuímos materiais educativos e recursos didácticos que promoven a diversidade e o respecto cara ás persoas LGTBI e creado os Observatorios da Diversidade, que monitorizan e avalían a implementación de políticas inclusivas e a situación das e os estudantes LGTBI nas escolas, asegurando así que estes esforzos non sexan en balde e que se continúe avanzando na creación dunha contorna educativa inclusiva e seguro para todos.

Outro dos grandes retos que estamos a liderar en España, e que abandeiraremos tamén en Europa, é o da abordaxe da crecente problemática do chemsex. Un fenómeno que cada vez afecta a máis persoas LGTBI, moi concretamente a homes gais, bisexuais e homes que teñen sexo con homes, e que require unha resposta contundente e inmediata, desde o rigor e a información, sen paternalismos nin xuizos de valor, para tratar a gravidade das súas consecuencias na saúde sexual e física das persoas que o practican.



Debemos destacar, pola súa particular relevancia, a Lei Orgánica 3/2020 do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación; a Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia; o Real Decreto 220/2022, do 29 de marzo, polo que se aproba o Regulamento polo que se regula o sistema de acollida en materia de protección internacional e a Lei 3/2023, do 28 de febreiro, de Emprego, que inclúe entre os colectivos de atención prioritaria para a política de emprego ás persoas LGTBI.

Somos conscientes de que aínda existen ámbitos onde a igualdade do colectivo LGTBI enfrenta grandes retos que estamos decididos e decididas a afrontar, como poden ser o mundo deportivo e o ámbito rural. A creación de sociedades inclusivas tamén require garantir os dereitos das persoas LGTBI con discapacidade, das persoas migrantes, solicitantes de asilo, refuxiadas e apátridas, recoñecendo o seu dereito á liberdade de orientación e identidade sexual e expresión de xénero. Outro dos nosos retos é mellorar a protección xurídica das familias LGTBI, protexer ao menores LGTBI e establecer unha folla de roteiro orientado á mellora da situación das persoas maiores LGTBI.

As manifestacións do Orgullo LGTBI son un día de celebración e de reivindicación. Por iso pedimos a todos os nosos afiliados e afiliadas, simpatizantes e a todas as persoas que cren na igualdade e a diversidade, que fronte ao avance da ultradereita respondan uníndose ás accións reivindicativas previstas por todo o país para conmemorar o 28 de xuño. A marcha do Orgullo foi e segue sendo unha ferramenta fundamental para visibilizar e reclamar os dereitos do colectivo LGTBI, que son os dereitos de todas e todos.

Convidamos a toda a cidadanía a participar nas manifestacións do Orgullo LGTBInas súas cidades ou vilas.

Viva o Orgullo LGTBI! Viva a diversidade! Viva a loita pola igualdade!

